Bibliografía. Fontes de información

Basic Bibliography

Altable, Rosario,, **Penélope o las trampas del amor**, Mare Nostrum,, 1992

Blanco, Nieves (coord.), **Educar en femenino y masculino**, Akal, 2001

Bourdieu, Pierre, **La dominación masculina**, Anagrama, 2000

Jiménez, Carmen, Pérez, Gloria, **Educación y género. El conocimiento invisible**, Tirant lo Blanch, 2008

Rodríguez, Carmen (comp.),, **La ausencia de las mujeres en los contenidos escolares.**, Niño y Dávila, Niño y Dávila

Simón Rodríguez , María Elena, **La igualdad también se aprende: cuestión de coeducación.**, Narcea,, 2010.

Subirats, Marina y Brullet, Cristima,, **Rosa y azul: la transmisión de los géneros en la escuela mixta.**, Instituto de la Mujer,, 1998

VV.AA., **La cultura de género en las organizaciones escolares**, Octaedro, 2005

Complementary Bibliography

Herranz, Yolanda, **Igualdad bajo sospecha**, Narcea, 2006

Lomas , Carlos, **Los chicos también lloran: identidades masculinas, igualdad entre los sexos y coeducación,**, Paidós, 2004

Recomendacións

Other comments

Recoméndase facer os traballos da materia de forma gradual e consultar as dúbidas aos docentes da materia

Plan de Continxencias

Description

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===
Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito mais áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===
* Metodoloxías docentes que se manteñen
traballo e presentación

* Metodoloxías docentes que se modifican:
O exame de preguntas de desenvolvemento será sustituido por un traballo sobre os contidos da materia.

* Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (titorías).
As titotias levaranse a cabo do seguinte xeito, o alumnado porase dacordo coa profesora por medio dun correo electrónico para fixar unha data e unha hora , e a tutoría levarase a cabp por teléfono, correo electrónico ou por videoconferencia

* Modificacións (se proceder) dos contidos a impartir.
non hai modificacións

* Bibliografía adicional para facilitar a auto-aprendizaxe.
non hai nova bibliografia

* Outras modificacións

=== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===
* Probas xa realizadas
Proba XX: [Peso anterior 00%] [Peso Proposto 00%]
...

* Probas pendentes que se manteñen
Proba traballo e presentación: [Peso anterior 50%] [Peso Proposto 50%]
...

* Probas que se modifican: o exame de preguntas de desenvolvemento será sustituido por un traballo.
[Proba anterior exame de preguntas de desenvolvemento 50 % => [Proba nova Traballo 50%]

* Novas probas .

* Información adicional

IDENTIFYING DATA				
Educación de persoas adultas				
Subject	Educación de persoas adultas			
Code	O05G130V01401			
Study programme	Grao en Educación Social			
Descriptors	ECTS Credits	Type	Year	Quadmester
	6	Mandatory	2	2c
Teaching language	Galego			
Department	Análise e intervención psicosocioeducativa			
Coordinator	Seoane Pérez, Emilia			
Lecturers	Seoane Pérez, Emilia			
E-mail	emiliasp@uvigo.es			
Web	http://educacion-ou.webs.uvigo.es/educacion-ou/web/			
General description	A Educación de Persoas Adultas, recoñecida como un campo da Educación Social, de cara a proporcionar unha formación científica e experiencial nos seus estudos universitarios, ven avalado por unha longa traxectoria que comeza a súa andaina no Real Decreto 1420/1991 (RD 1420/1991, BOE 10-10-1991), momento no que a Educación Social acada o seu estatus universitario. No Plan de Estudos da Universidade de Vigo, para o título de Grao en Educación Social, a materia de Educación de Persoas Adultas, ten carácter obrigatorio, impártese no 2º cuadrimentre do 2º curso cunha carga lectiva de 6 créditos ECTS. Esta materia, ten por obxecto o estudo e a análise histórico, conceptual, metodolóxico e legal da Educación de Persoas Adultas, coa finalidade de que o estudantado coñeza, comprenda e utilice correctamente os termos relacionados coa Educación de persoas adultas;comprenda os diferentes modelos de Educación de persoas adultas así como que coñeza e identifique os ámbitos de actuación da educacion de persoas adultas, analizando e comprendendo a súa relación cos seus antecedentes históricos,as situacións presentes e as necesidades emerxentes tendo en conta os diferentes cambios educativos,económicos, laborais, culturais, sociais, ecolóxico-ambientais e políticos.			

Competencias	
Code	
CB1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
CB2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
CB3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
CB4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
CB5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
CG1	Transmitir, promover e desenvolver a cultura
CG2	Xerar redes sociais, contextos, procesos e recursos educativos e sociais
CG3	Intervir como mediador social, cultural e educativo
CG4	Coñecer, analizar e investigar os contextos sociais e educativos
CG5	Deseñar, implementar e evaluar programas e proxectos socioeducativos
CG6	Xestionar, dirixir, coordinar e organizar institucións e recursos socioeducativos
CE1	Integrar criticamente os supostos teóricos, filosóficos, históricos, sociolóxicos, psicolóxicos, pedagóxicos, culturais, políticos, lexislativos que están na base dos procesos de intervención socioeducativa
CE2	Estar capacitado/a para o diagnostico e a mediación na prevención e resolución de conflitos en condicións de desigualdade e crises en comunidades socioeducativas
CE4	Analizar e diagnosticar a realidade complexa que fundamenta o desenvolvemento dos procesos socioeducativos
CE5	Coñecer os fundamentos do deseño e uso dos medios, recursos e estratexias para a intervención socioeducativa e incorporalos nos diferentes ámbitos de acción socioeducativa
CE8	Potenciar estruturas e procesos de participación e acción comunitaria, aplicando programas e técnicas de intervención (dinámica de grupos, motivación, negociación e promoción da asertividade...)
CE10	Desenvolver programas e proxectos no ámbito da educación especializada (menores, necesidades educativas especiais, centros de saúde, condutas adictivas, institucións penitenciarias, e persoas e colectivos en risco de exclusión...)
CE11	Organizar e administrar proxectos e servizos culturais, ambientais, de lecer e tempo libre
CT1	Capacidade de análise e síntese
CT5	Xestión da información

CT6 Resolución de problemas e toma de decisións
CT11 Habilidades interpersoais
CT12 Compromiso ético
CT13 Autonomía na aprendizaxe
CT14 Adaptación a situacións novas
CT15 Creatividade

Resultados de aprendizaxe

Learning outcomes	Competences			
O estudantado será capaz de intervir como mediador social, cultural e educativo	CB3	CG3	CE2 CE4	CT6 CT11 CT12 CT15
O estudantado, será capaz de transmitir, promover e desenvolver a cultura	CB4	CG1	CE1 CE4	CT5 CT11 CT12 CT15
O estudantado será capaz de coñecer, analizar e investigar os contextos sociais e educativos	CB1	CG4	CE1 CE2 CE10	CT12 CT13
O estudantado será capaz de deseñar, implementar e evaluar programas e proxectos socioeducativos	CB2	CG5	CE2 CE4 CE5	CT12 CT15
O estudantado será capaz de xestionar, dirixir, coordinar e organizar institucións e recursos socioeducativos	CB2	CG6	CE1 CE4 CE8 CE11	CT12 CT15
O estudantado será capaz de integrar criticamente os supostos teóricos, filosóficos, históricos, sociolóxicos, psicolóxicos, pedagóxicos, culturais, políticos, lexislativos que están na base dos procesos de intervención socioeducativa	CB1 CB2	CG4	CE1	CT1 CT5 CT12 CT13
O estudantado debe estar capacitado/a para o diagnostico e a mediación na prevención e resolución de conflitos en condicións de desigualdade e crises en comunidades socioeducativas	CB4	CG3	CE2	CT1 CT12 CT15
O estudantado será capaz de xerar redes sociais, contextos, procesos e recursos educativos e sociais	CB2 CB3	CG2	CE5 CE11	CT5 CT12 CT15
O estudantado será capaz de analizar e diagnosticar a realidade complexa que fundamenta o desenvolvemento dos procesos socioeducativos	CB4	CG4	CE4	CT1 CT5 CT12
O estudantado debe ser capaz de coñecer os fundamentos do deseño e uso dos medios, recursos e estratexias para a intervención socioeducativa e incorporalos nos diferentes ámbitos de acción socioeducativa	CB1	CG5	CE5	CT1 CT5 CT15
O estudantado será capaz de potenciar estruturas e procesos de participación e acción comunitaria, aplicando programas e técnicas de intervención (dinámica de grupos, motivación, negociación e promoción da asertividade...)	CB2 CB3	CG3 CG6	CE8	CT11 CT12 CT15
O estudantado será capaz de desenvolver programas e proxectos no ámbito da educación especializada (menores, necesidades educativas especiais, centros de saúde, condutas adictivas, institucións penitenciarias, e persoas e colectivos en risco de exclusión...)	CB2 CB4	CG3 CG5	CE10 CE11	CT6 CT12 CT13 CT15
O estudantado será capaz de organizar e administrar proxectos e servizos culturais, ambientais, de lecer e tempo libre	CB2 CB4	CG1 CG3 CG5	CE5 CE10 CE11	CT12 CT14 CT15
O estudantado será capaz de aplicar a capacidade de análise e síntese	CB1	CG4	CE4	CT1 CT12 CT15
O estudantado será capaz de manexar unha axeitada xestión da información	CB2	CG4 CG6	CE4	CT5 CT12 CT15
O estudantado terá capacidade de resolución de problemas e toma de decisións	CB3	CG3	CE2 CE11	CT6 CT12 CT13
O estudantado será capaz de actuar e intervir con habilidades interpersoais	CB4	CG4	CE5	CT11 CT12 CT15

O estudantado será capaz de actuar e intervir con compromiso ético	CB5	CG2 CG3	CE4	CT12 CT14 CT15
O estudantado será capaz de actuar e intervir con criterios de autonomía na aprendizaxe	CB5	CG1	CE1	CT12 CT13
O estudantado será capaz de adaptarse a situacións novas	CB1 CB4	CG2 CG4	CE10 CE11	CT1 CT12 CT14 CT15
O estudantado demostrará posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.	CB1 CB2	CG4	CE1	CT1 CT12
O estudantado será capaz de actuar e intervir con creatividade	CB2 CB5	CG5 CG6	CE1 CE2	CT12 CT13 CT15
O estudantado saberá aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.	CB2	CG4	CE4	CT1 CT12 CT14 CT15
O estudantado terá a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.	CB3	CG4	CE2 CE4	CT5 CT6 CT12 CT14 CT15
O estudantado será capaz de poder transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.	CB4	CG3 CG6	CE8 CE11	CT11 CT12 CT14
O estudantado será capaz de desenvolver aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.	CB5	CG4 CG5	CE5 CE10	CT5 CT6 CT12 CT14 CT15

Contidos	
Topic	
1-Aproximación histórica e conceptual á educación de persoas adultas.	.Aproximación histórica á educación de persoas adultas .Marco conceptual da educacion de persoas adultas
2-Obxectivos e ámbitos da educación de persoas adultas.	.Obxectivos da educación de persoas adultas. .Ámbitos da educación de persoas adultas.
3-Adultez e aprendizaxe.	.A adultez desde diferentes perspectivas e enfoques. .A aprendizaxe na persoa adulta.
4-Políticas e medidas para o desenvolvemento da educación de persoas adultas en Europa.	.Políticas para o desenvolvemento da educación de persoas adultas en Europa. .Medidas para o desenvolvemento da educación de persoas adultas en Europa.
5-A educación de persoas adultas nos sistemas educactivos do Estado español.	.Marco legal de referencia para a educación de persoas adultas, nas diferentes comunidades do Estado español
6-Lei 9/1992, do 24 de xullo, de educación e promoción de adultos	.Obxectivos da Lei .Campos fundamentais de actuación .Programas de acción,...
7-Ofertas educativas actuais para/con persoas adultas.	-
8-Necesidades educativas emerxentes con persoas adultas.	-
9-Recursos e modalidades de educación de persoas adultas.	.Recursos a ter en conta no marco da educación de persoas adultas. .Modalidades de educación de persoas adultas.

Planificación			
	Class hours	Hours outside the classroom	Total hours
Traballo tutelado	10	35	45
Presentación	20	40	60
Cartafol/dossier	4	20	24
Lección maxistral	8	0	8
Exame de preguntas obxectivas	3	10	13

*The information in the planning table is for guidance only and does not take into account the heterogeneity of the students.

Metodoloxía docente	
	Description
Traballo tutelado	A/O estudante, de maneira individual e en pequenos grupos, elabora un documento sobre a temática da materia ou prepara seminarios, investigacións, memorias, ensaios, resumos de lecturas, conferencias, etc. Xeralmente trátase dunha actividade autónoma do/s estudante/s que inclúe a procura e recollida de información, lectura e manexo de bibliografía, redacción... O alumnado manterá entrevistas coa profesora da materia para asesoramento / desenvolvemento de actividades da materia e do proceso de aprendizaxe.
Presentación	Presentación e exposición por parte do alumnado de traballos grupais tutelados pola profesora. O alumnado manterá entrevistas coa profesora da materia para asesoramento/desenvolvemento de actividades da materia e do proceso de aprendizaxe.
Cartafol/dossier	A/O estudante, de maneira individual, elabora un documento que recompile información sobre as experiencias, temario da materia, así como traballos e tarefas elaborados individualmente ou en grupo durante o proceso de formación. O cartafol será ademais un instrumento de seguimento e avaliación continua do proceso educativo.
Lección maxistral	Exposición por parte da profesora dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo estudante.

Atención personalizada	
Methodologies	**Description**
Traballo tutelado	Atención grupal e individual en aula e nas sesións titoriais coa profesora no seu despacho.
Presentación	Atención grupal e individual en aula e nas sesións titoriais coa profesora no seu despacho.
Cartafol/dossier	Atención grupal e individual en aula e nas sesións titoriais coa profesora no seu despacho.

Avaliación				
	Description	Qualification	Evaluated Competencess	
Traballo tutelado	Cada alumna/o realizará un traballo individual de curso, en base aos contidos da materia obxecto de estudo, tutelado pola profesora e coa posterior defensa e explicación ante a profesora nas sesións titoriais.	25	CB1 CB2 CB3 CB4	CG4 CE4 CT5 CT12 CT13 CT15
Presentación	Cada grupo pequeno de alumnado (3 a 5 persoas), realizará unha presentación/exposición á clase a partires da realización dun traballo grupal de curso, en base aos contidos da materia obxecto de estudo, tutelado pola profesora.	25	CB1 CB2 CB3 CB4	CG4 CE8 CT5 CT13 CT15
Cartafol/dossier	Cada alumna/o, elabora un documento que recompile información sobre as experiencias, temario da materia, así como traballos e tarefas elaborados individualmente ou en grupo durante o proceso de formación. O cartafol será ademais un instrumento de seguimento e avaliación continua do proceso educativo.	20	CB1 CB3	CG4 CE1 CE4 CT1 CT5 CT13 CT15
Exame de preguntas obxectivas	Probas para avaliación de competencias adquiridas que inclúen preguntas pechadas con diferentes alternativas de resposta (verdadeiro/falso, elección múltiple, emparellamento de elementos...). O alumnado selecciona unha resposta entre un número limitado de posibilidades.	30	CB1 CB4	CE1 CE5 CT1 CT5

Other comments on the Evaluation

1. As cualificacións indicadas en termos porcentuais no cadro *supra* son as máximas que se poden acadar en cada un dos apartados.
2. O sistema de avaliación referenciado *supra*, está dirixido ao **alumnado de carácter asistente**l. É requisisto imprescindible para ser considerado "alumno asistente", a asistencia e a participación mínima nun 80% das clases do grupo-clase e a asistencia nun 80% ás clases de grupo mediano(GM).
3. Para superar a materia, o alumnado asistente deberá superar todas as probas referidas, obtendo unha cualificación mínima do 50% en cada un dos aspectos avaliables.
4. Considerarase "alumnado non asistente" aquel que non cumpra o 80%da asitencia especificada no punto nº 1 ou aquel que opte por esta modalidade, sempre e cando llo comunique á profesora na primeira quincena de impartición da materia.
5. O sistema de avaliaión para o alumnado non asistente consistirá nun exame de preguntas obxectivas(cunha valoración máxima do 80%) e nun traballo individual tutelado (cunha valoración máxima do 20%)pola profesora e

definido en base aos contidos e obxectivos da materia.

6. Para superar a materia, o alumnado non asistente deberá superar as dúas probas referidas, obtendo unha cualificación mínima do 50% en cada unha delas.
7. EXAMES:As datas oficiais dos exames poden consultarse na web da facultade no espazo "datas exames "

- Segunda convocatoria (xullo): Se manteñen as competencias/probas superadas e só se examinarán das non superadas.

Bibliografía. Fontes de información

Basic Bibliography

Flecha, R.; López, F. e Saco, R., **Dos siglos de educación de adultos**, 1ª, El Roure, 1988

García Carrasco, J. (coord.), **Educación de adultos**, 1, Ariel, 1997

García Molina, J. y Marí Ytarte,R (coord.), **Pedagogía Social y mediación educativa**, 1ª, APESCAM, 2002

Requejo Osorio, A, **Educación permanente y educación de adultos**, 1ª, Ariel, 2003

Sanz Fernández, F. (Direc.), **La formación en educación de personas adultas**, 1ª, MEC- UNED, 1995

Sanz Fernández,F., **La educación de personas adultas entre dos siglos: historia pasada y desafíos de futuro**, 1, UNED, 2002

Complementary Bibliography

Recomendacións

Subjects that continue the syllabus

Programas de animación sociocultural/O05G130V01503
Educación e animación sociolaboral/O05G130V01701

Subjects that it is recommended to have taken before

Educación: Didáctica: Deseño e programación no ámbito socioeducativo/O05G130V01202
Educación: Educación permanente/O05G130V01203
Educación: Historia da educación social/O05G130V01204
Psicoloxía: Psicoloxía do desenvolvemento/O05G130V01102

Other comments

Esta guía docente recolle as liñas de actuación a desenvolver co alumnado da materia, entendida con certa flexibilidade, podendo estar suxeita a algunha modificación e reaxuste puntual

Plan de Continxencias

Description

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===
Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito mais áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===
Metodoloxías docentes que se manteñen:
As metodoloxías docentes serán as mesmas nos tres escenarios, dado que foron deseñadas para facilitar unha transferencia fluída desde un escenario 100% presencial a outro 100% en remoto. En calquera caso, a única diferenza atinxe ou espazo non que se desenvolverá a actividade. No posible escenario de ensinanza mixta ou semipresencial, as metodoloxías levaríanse a cabo de modo semipresencial e virtual. Por outra banda, no escenario de ensinanza a distancia, as metodoloxías previstas adaptaríanse a una modalidade de execución virtual.

Metodoloxías docentes que se modifican:
Non se modifica a dinámica propia de ningunha metodoloxía docente, excepto, como se di no apartado anterior, a súa modalidade de execución, presencial e virtual (no caso dun escenario mixto); e exclusivamente virtual (no caso dun escenario a distancia).

Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (titorías):
No potencial escenario de docencia semipresencial, as sesións de titorización poderán realizarse presencialmente e/ou no despacho virtual, baixo a modalidade de concertación previa e no horario que se estableza. No caso dun escenario docente

na modalidade a distancia, a titorización realizarase unicamente polos medios telemáticos mencionados.

Modificacións (se proceder) dos contidos a impartir:
Non hai modificacións nos contidos a impartir.

Bibliografía adicional para facilitar a auto-aprendizaxe:
A bibliografía adicional será proporcionada ao longo do desenvolvemento da materia.

Outras modificacións:

Ferramentas para a docencia virtual. No escenario de docencia semipresencial, ademais da docencia presencial nas aulas, a actividade docente virtual impartirase mediante Campus Integra e preverase asemade o uso da plataforma de teledocencia Faitic como reforzo, e sen prexuízo doutras medidas que se poidan adoptar para garantir a accesibilidade do alumnado aos contidos docentes.

No escenario de docencia a distancia, a actividade docente realizarase exclusivamente de modo virtual.

=== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===
Non hai cambios nin nos instrumentos nin nos criterios de avaliación establecidos na guía docente ordinaria.

Probas pendentes que se manteñen:
Todas as probas propostas na guía docente para as vindeiras convocatorias, mantéñense en calquera das tres modalidades de ensinanza previstas: presencial, mixta e a distancia, para o curso 2020-21. Os criterios de avaliación, así como a súa ponderación sobre a nota final, se manteñen, tanto para o alumnado asistente, coma para o non asistente. Os procedementos ou tipoloxía de probas de avaliación, tampouco se modifican no seu contido, pero si no seu modo de execución, no caso dos dous potenciais escenarios docentes extraordinarios previstos. Así, no caso de estar nunha situación de ensinanza mixta ou semipresencial, as probas de avaliación poderán ser organizadas de modo presencial, dependendo das instalacións e medios dispoñibles. Se non fose posible facelas presencialmente, combinaríase a modalidade presencial coa virtual ou realizaríanse exclusivamente de forma virtual.
Se a situación é de ensinanza a distancia, todas as probas de avaliación realizaranse de modo virtual.

Probas que se modifican
Para o curso 2020-2021, non hai modificacións nas probas de avaliación, agás no referido á modalidade de avaliación: presencial ou virtual, dependendo do escenario sanitario no que se leve a cabo a docencia.

Novas probas:
Non se prevén novas probas de avaliación.

Información adicional
Non hai.

IDENTIFYING DATA				
Educación para o lecer e o tempo libre				
Subject	Educación para o lecer e o tempo libre			
Code	O05G130V01402			
Study programme	Grao en Educación Social			
Descriptors	ECTS Credits	Type	Year	Quadmester
	6	Mandatory	2	2c
Teaching language	Castelán Galego			
Department	Análise e intervención psicosocioeducativa			
Coordinator	Pérez Enríquez, María Esther			
Lecturers	Pérez Enríquez, María Esther			
E-mail	me_perez@uvigo.es			
Web				
General description	A educación para o lecer e o tempo libre é un dos principais ámbitos de intervención da Educación Social. Así faise necesario unha materia obrigatoria como esta, onde se traballen os coñecementos, habilidades e aptitudes teóricas e prácticas necesarias para o seu desenvolvemento profesional.			

Competencias	
Code	
CB1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
CB2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
CB3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
CB4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
CB5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
CG1	Transmitir, promover e desenvolver a cultura
CG2	Xerar redes sociais, contextos, procesos e recursos educativos e sociais
CG3	Intervir como mediador social, cultural e educativo
CG4	Coñecer, analizar e investigar os contextos sociais e educativos
CG5	Deseñar, implementar e evaluar programas e proxectos socioeducativos
CG6	Xestionar, dirixir, coordinar e organizar institucións e recursos socioeducativos
CE1	Integrar criticamente os supostos teóricos, filosóficos, históricos, sociolóxicos, psicolóxicos, pedagóxicos, culturais, políticos, lexislativos que están na base dos procesos de intervención socioeducativa
CE8	Potenciar estruturas e procesos de participación e acción comunitaria, aplicando programas e técnicas de intervención (dinámica de grupos, motivación, negociación e promoción da asertividade...)
CE10	Desenvolver programas e proxectos no ámbito da educación especializada (menores, necesidades educativas especiais, centros de saúde, condutas adictivas, institucións penitenciarias, e persoas e colectivos en risco de exclusión...)
CE15	Deseñar, aplicar e avaliar programas para a inserción social e laboral
CT1	Capacidade de análise e síntese
CT4	Utilización das TIC no ámbito de estudo e contexto profesional
CT5	Xestión da información
CT8	Capacidade crítica e autocrítica
CT11	Habilidades interpersoais
CT18	Apertura á aprendizaxe ao longo de toda a vida

Resultados de aprendizaxe				
Learning outcomes	Competences			
1. Conceptualizar e sentar as bases teóricas da educación para o lecer e o tempo libre.	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5	CG1 CG4	CE1	CT1 CT4 CT5 CT8 CT11 CT18

2. Coñecer e analizar as realidades e perspectivas actuais do lecer e do tempo libre	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5	CG1 CG4	CE1	CT1 CT4 CT5 CT8 CT11 CT18
3. Sentar as bases teóricas da educación do lecer e do tempo libre.	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5	CG1 CG4	CE1	CT1 CT4 CT5 CT8 CT11 CT18
4. Traballar os aspectos metodolóxicos da intervención educativa no lecer e no tempo libre.	CB2 CB3 CB4	CG1 CG2 CG3 CG4 CG5 CG6	CE8 CE10 CE15	CT1 CT4 CT5 CT8 CT11 CT18
5. Coñecer, analizar e investigar os ámbitos, institucións e actividades educativas relacionadas coa educación para o lecer e o tempo libre, en particular no contexto galego.	CB2 CB3 CB4 CB5	CG1 CG2 CG3 CG4 CG5 CG6	CE8 CE10 CE15	CT1 CT4 CT5 CT8 CT11 CT18

Contidos	
Topic	
1. Marco conceptual e bases teóricas da educación para o lecer e o tempo libre.	1.1. Clasificación dos "tempos" das persoas. 1.2. Enmarque do lecer e do tempo libre: diferenciación e conceptualización. 1.3. Elementos identificativos do lecer e do tempo libre.
2. Realidades e perspectivas actuais do lecer e do tempo libre	2.1. Dimensións do lecer e do tempo libre. 2.2. O lecer e o tempo libre como necesidades e dereitos sociais. 2.3. Tendencias actuais do lecer e do tempo libre. 2.4. Lecer, tempo libre e calidade de vida.
3. Cara a unha educación do lecer e do tempo libre.	3.1. Determinantes sociais e pedagóxicos que facilitan a aparición da educación para o lecer e o tempo libre. 3.2. Concepto e obxecto da educación do ocio. 3.3. Principios xerais e condicionantes.
4. Aspectos metodolóxicos da intervención educativa no lecer e no tempo libre.	4.1. Formas pedagóxicas de intervir no lecer e no tempo libre. 4.2. Principios de actuación. 4.3. Organización e administración de proxectos e servizos de lecer e tempo libre.
5. Ámbitos, institucións e actividades educativas relacionadas coa educación para o lecer e o tempo libre, en particular no contexto galego.	5.1. Ámbitos da educación para o lecer e o tempo libre: específicos e non específicos. 5.2. Marco legal das institucións de lecer e tempo libre. 5.3. Experiencias, programas, recursos e actividades da educación para o lecer e o tempo libre.

Planificación			
	Class hours	Hours outside the classroom	Total hours
Actividades introdutorias	2	5	7
Lección maxistral	12	25	37
Traballo tutelado	6	4	10
Traballo tutelado	2	25	27
Presentación	3	9	12
Obradoiro	18	22	40
Exame de preguntas obxectivas	2	15	17
*The information in the planning table is for guidance only and does not take into account the heterogeneity of the students.			

Metodoloxía docente	
	Description
Actividades introdutorias	Actividades encamiñadas a tomar contacto e reunir información sobre o alumnado (detección de coñecementos previos, motivacións,...) e a presentar a materia.

Lección maxistral	Exposición por parte do/a profesor/a dos contidos da materia "Educación para o lecer e o tempo libre"
Traballo tutelado	Formulación e análise, resolución e debate dun problema ou exercicio relacionado coa temática da materia, que os/ as estudantes desenvolven na aula baixo as directrices e supervisión do/a profesor/a. O seu desenvolvemento pode estar vinculado con actividades autónomas do alumnado.
Traballo tutelado	Os/as estudantes, en grupo, elaboran un documento e/ou investigación sobre a temática da materia. Xeralmente trátase dunha actividade autónoma de/dos estudante/s que inclúe a procura e recollida de información, lectura e manexo de bibliografía, redacción, etc.
Presentación	Exposición oral por parte do alumnado, ante a docente e o alumnado, dos resultados do traballo tutelado (previa presentación escrita).
Obradoiro	Actividades enfocadas á adquisición de coñecementos e habilidades manipulativas e instrumentais sobre a educación para o ocio e o tempo libre, con asistencia específica por parte do/a profesor/a ás actividades individuais e/ou de grupo que desenvolven os estudantes.

Atención personalizada

Methodologies	Description
Actividades introdutorias	- As actividades introductorias, reforzaranse cunha atención personalizada, individual ou en pequeno grupo, coa finalidade de atender as necesidades, dúbidas e consultas do alumnado relacionadas coa materia, proporcionándolle orientación, apoio e motivación no proceso de aprendizaxe. Esta actividade desenvolverase de forma presencial (directamente na aula e/ou nos momentos que o/a profesor/a ten asignados a titorías de despacho) ou de forma non presencial (a través do correo electrónico).
Traballo tutelado	- Os traballos de aula, reforzaranse cunha atención personalizada, individual ou en pequeno grupo, coa finalidade de atender as necesidades, dúbidas e consultas do alumnado relacionadas coa materia, proporcionándolle orientación, apoio e motivación no proceso de aprendizaxe. Esta actividade desenvolverase de forma presencial (directamente na aula e/ou nos momentos que o/a profesor/a ten asignados a titorías de despacho) ou de forma non presencial (a través do correo electrónico).
Traballo tutelado	- Os traballos tutelados, reforzaranse cunha atención personalizada, individual ou en pequeno grupo, coa finalidade de atender as necesidades, dúbidas e consultas do alumnado relacionadas coa materia, proporcionándolle orientación, apoio e motivación no proceso de aprendizaxe. Esta actividade desenvolverase de forma presencial (directamente na aula e/ou nos momentos que a profesora ten asignados a titorías de despacho) ou de forma non presencial (a través do correo electrónico). - Ademais, á elaboración dos traballos tutelados e á súa exposición dedicaránselle unhas horas específicas de traballo na aula, sen que iso sexa impedimento para atender calquera dúbida ou cuestión no momento en que xurda, no despacho do/a profesor/a, no horario de titorías, ou a través do correo electrónico.
Presentación	- A presentación/ exposición dos traballos tutelados, reforzarase cunha atención personalizada, individual ou en pequeno grupo, coa finalidade de atender as necesidades, dúbidas e consultas do alumnado relacionadas coa materia, proporcionándolle orientación, apoio e motivación no proceso de aprendizaxe. Esta actividade desenvolverase de forma presencial (directamente na aula e/ou nos momentos que a profesora ten asignados a titorías de despacho) ou de forma non presencial (a través do correo electrónico). - Ademais, á elaboración dos traballos tutelados e á súa exposición dedicaránselle unhas horas específicas de traballo na aula, sen que iso sexa impedimento para atender calquera dúbida ou cuestión no momento en que xurda, no despacho do/a profesor/a, no horario de titorías, ou a través do correo electrónico.
Obradoiro	- A realización dos obradoiros, reforzaranse cunha atención personalizada, individual ou en pequeno grupo, coa finalidade de atender as necesidades, dúbidas e consultas do alumnado relacionadas coa materia, proporcionándolle orientación, apoio e motivación no proceso de aprendizaxe. Esta actividade desenvolverase de forma presencial (directamente na aula e/ou nos momentos que o/a profesor/a ten asignados a titorías de despacho) ou de forma non presencial (a través do correo electrónico).
Lección maxistral	- As sesións maxistrais, reforzaranse cunha atención personalizada, individual ou en pequeno grupo, coa finalidade de atender as necesidades, dúbidas e consultas do alumnado relacionadas coa materia, proporcionándolle orientación, apoio e motivación no proceso de aprendizaxe. Esta actividade desenvolverase de forma presencial (directamente na aula e/ou nos momentos que a profesora ten asignados a titorías de despacho) ou de forma non presencial (a través do correo electrónico).
Tests	**Description**

Exame de preguntas obxectivas	- A preparación da proba tipo test, reforzaranse cunha atención personalizada, individual ou en pequeno grupo, coa finalidade de atender as necesidades, dúbidas e consultas do alumnado relacionadas coa materia, proporcionándolle orientación, apoio e motivación no proceso de aprendizaxe. Esta actividade desenvolverase de forma presencial (directamente na aula e/ou nos momentos que o/a profesor/a ten asignados a titorías de despacho) ou de forma non presencial (a través do correo electrónico).

Avaliación

	Description	Qualification	Evaluated Competencess			
Traballo tutelado	Os/as estudantes presentan o resultado obtido na elaboración dun documento sobre a temática da materia e/ou investigación. Levarase a cabo en grupo, de forma escrita. Ademais, conxuntamente con este documento, tamén se valorará o seguimento da elaboración do traballo.	20	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5	CG1 CG2 CG4 CG5 CG6	CE1 CE10 CE15	CT1 CT4 CT5 CT8 CT11 CT18
Obradoiro	Planificación, elaboración, posta en práctica na aula e avaliación dun obradoiro de educación para o ocio e o tempo libre por parte do/a alumno/a, de xeito individual. Os/as alumnos/as deben describir as tarefas e procedementos desenvolvidos, mostrar os resultados obtidos ou observacións realizadas, así como a súa valoración persoal. Valorarase conxuntamente coa súa participación nos mesmos e nas saídas de campo.	30	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5	CG1 CG2 CG3 CG5 CG6	CE8 CE10 CE15	CT1 CT4 CT5 CT8 CT11
Exame de preguntas obxectivas	Realizarase unha proba tipo test para a avaliación das competencias adquiridas que inclúe preguntas pechadas con tres alternativas de resposta. Os/as alumnos/as seleccionarán unha resposta entre as posibilidades. As respostas erradas puntuarán negativamente (2 mal restarán 1 ben).	50	CB1 CB3 CB4	CG1 CG4	CE1	CT1 CT5

Other comments on the Evaluation

Para superar a materia é necesario superar todas as probas de avaliación. O alumnado non presencial:deberá falar coa profesora ao principio do curso, para acordar un plan de traballo específico. Os criterios de avaliación serán os seguintes: Proba tipo test: 70. Traballo titorado: 15%. Outros traballos prácticos: 15%. Segunda convocatoria: ao alumnado que supere algunhas das partes ou probas da materia, conservaranselle as cualificacións ata a convocatoria de xullo. As competencias non adquiridas serán avaliadadas na mesma convocatoria (xullo). As datas e horas oficiais dos exames, así como as da súa revisión, poden consultarse na web da Facultade no espazo "Exames 2020-21" (véxase o seguinte enlace): http://educacion-ou.webs.uvigo.es/educacion-ou/web/index.php/graoeducacionsociallateral/exames-educacion-social-lateral

Bibliografía. Fontes de información

Basic Bibliography

Armengol, c., **La intervención en el tiempo libre de niños y jóvenes: panorámica de la diversidad. Educación Social. Revista de Intervención Socioeducativa, (50), 45-67.**, 2012

Caride, J.A., **Ocio e tempo libre**, Xunta de Galicia. Consellería de Educación e Orden, 2000

Cuenca, M., **El ocio como ámbito de Educación Social. Educación Social: Revista de intervención socioeducativa, (47), 25-40**, 2011

Lozano, J., **Actividades de ocio y tiempo libre.**, Síntesis, 2016

Puig, J. y Trilla, J., **La pedagogía del ocio**, 1ª reimp., Laertes, 2000

Trilla, J., **Tres pedagogías del ocio y otra más. Revista Educación Social (11), 54-71**, 1999

Complementary Bibliography

C.E.E.S.G., **Funcións das educadoras e educadores sociais. Animación sociocultural e xestión cultural**, C.E.E.S.G/ Deputación da Coruña, 2018

Cuenca, M., **Pedagogía del ocio: Modelos y propuestas**, Universidad de Deusto, 2004

Franch, J. e Martinell, A., **Animar un proyecto de educación social. La intervención en el tiempo libre**, 1ª ed., Paidós, 1994

Gorbeña, S. (ed.), **Modelos de intervención en ocio terapéutico**, Universidad de Deusto, 2000

Otero, J. C. (Coord.), **La pedagogía del ocio: nuevos desafíos**, Axac, 2009

Pérez-Rioja, J. A., **Educación para el ocio**, Ediciones Palabra, 1992

Rebolledo Gutiérrez J. C. y Rohlfs Domínguez, P., **Propuesta de intervención en el ámbito del ocio y tiempo libre de usuarios/as de COCEMFE Cáceres. Revista Española de Discapacidad, 2(I), 223-231.**, 2014

Sarramona, J., Vázquez, G. y Colom, A.J., **Educación no formal**, Ariel, 1998

S.I.P.S., **Pedagogía Social. Revista Interuniversitaria. Monográfico Tiempos educativos, tiempos de ocio (20)**, 2012

Trilla, J., **La educación fuera de la escuela. Ámbitos no formales y educación social**, 1ª ed., Ariel, 2003

Recomendacións

Subjects that continue the syllabus

Programas de animación sociocultural/O05G130V01503

Subjects that it is recommended to have taken before

Educación: Educación permanente/O05G130V01203
Educación: Historia da educación social/O05G130V01204
Educación: Pedagoxía social/O05G130V01205
Educación: Teorías e institucións educativas/O05G130V01103

Plan de Continxencias

Description

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===
Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito mais áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===
* Metodoloxías docentes que se manteñen
As metodoloxías docentes serán as mesmas nos tres escenarios.

As metodoloxías previstas na guía foron deseñadas para facilitar unha transferencia fluída desde un escenario 100% presencial a outro 100% en remoto. En calquera caso, a única diferenza atinxe ou espazo non que se desenvolverá a actividade.

Nos grupos que requiran ser divididos por razóns de normativa sanitaria CoVID, un grupo estará presente na aula, mentras que ou outro participará dás mesmas actividades mediante conexión sincrónica non campus remoto.

No caso de que a situación sanitaria obrigue a un novo confinamiento domiciliario, as metodoloxías previstas tamén se manteñen, aínda que, neste caso a totalidade do alumnado seguirá de forma sincrónica a actividade docente no aula virtual do campus remoto.

As actividades prácticas (obradoiros) que requiren de materiais específicos para a avaliación do Desenvolvemento Motor contemplarán adaptacións que faciliten a adquisición das mesmas competencias con independencia do escenario no que se leven a cabo. Neste sentido, adaptaranse para que sexan realizadas de maneira autónoma no domicilio do alumnado.

* Metodoloxías docentes que se modifican
As metodoloxías docentes serán as mesmas nos tres escenarios.

* Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (titorías)
As titorías e a atención non presencial ao alumnado seguirán a mesma organización temporal/horarios que os previstos para o escenario docente 100% presencial, aínda que, no caso de ser necesario por razóns sanitarias desenvolveranse nas salas virtuales do profesorado do campus remoto.

* Modificacións (se proceder) dos contidos a impartir
Non existe modificación algunha neste sentido.

* Bibliografía adicional para facilitar a auto-aprendizaxe
Todas as referencias están non apartado: Bibliografía. Fontes de información

* Outras modificacións
Non procede

=== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===
* Probas xa realizadas

Non existe modificación algunha neste sentido.
...

* Probas pendentes que se manteñen
Proba Exame de preguntas obxectivas: [Peso anterior 50%] [Peso Proposto 40%]
...

* Probas que se modifican
Non procede

* Novas probas
Exercicios autónomos realizados no domicilio do alumnado (Peso Proposto 10%)

* Información adicional
Non procede

IDENTIFYING DATA				
Learning strategies in socio-educational contexts				
Subject	Learning strategies in socio-educational contexts			
Code	O05G130V01403			
Study programme	(*)Grao en Educación Social			
Descriptors	ECTS Credits	Type	Year	Quadmester
	6	Mandatory	2nd	2nd
Teaching language	Spanish Galician			
Department				
Coordinator	González Fernández, Antonio			
Lecturers	González Fernández, Antonio			
E-mail	aglez@uvigo.es			

----- UNPUBLISHED TEACHING GUIDE -----

IDENTIFYING DATA				
Habilidades sociais en educación social				
Subject	Habilidades sociais en educación social			
Code	O05G130V01404			
Study programme	Grao en Educación Social			
Descriptors	ECTS Credits	Type	Year	Quadmester
	6	Mandatory	2	2c
Teaching language	Castelán Galego			
Department	Análise e intervención psicosocioeducativa			
Coordinator	Rodríguez Castro, Yolanda			
Lecturers	Rodríguez Castro, Yolanda			
E-mail	yrcastro@uvigo.es			
Web	http://http://psicosexualidadourense.blogspot.com.es/			
General description	Nesta materia abordaremos o estudo das habilidades sociais e traballarémolas como elementos crave no perfil profesional do/a Educador/a Social.			

Competencias	
Code	
CB1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
CB2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
CB3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
CB4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
CB5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
CG1	Transmitir, promover e desenvolver a cultura
CG2	Xerar redes sociais, contextos, procesos e recursos educativos e sociais
CG3	Intervir como mediador social, cultural e educativo
CG4	Coñecer, analizar e investigar os contextos sociais e educativos
CG5	Deseñar, implementar e evaluar programas e proxectos socioeducativos
CG6	Xestionar, dirixir, coordinar e organizar institucións e recursos socioeducativos
CE1	Integrar criticamente os supostos teóricos, filosóficos, históricos, sociolóxicos, psicolóxicos, pedagóxicos, culturais, políticos, lexislativos que están na base dos procesos de intervención socioeducativa
CE6	Comprender a traxectoria da educación social e a configuración do seu campo e identidade profesional, a nivel comunitario, estatal, europeo e internacional
CE8	Potenciar estruturas e procesos de participación e acción comunitaria, aplicando programas e técnicas de intervención (dinámica de grupos, motivación, negociación e promoción da asertividade...)
CE10	Desenvolver programas e proxectos no ámbito da educación especializada (menores, necesidades educativas especiais, centros de saúde, condutas adictivas, institucións penitenciarias, e persoas e colectivos en risco de exclusión...)
CE11	Organizar e administrar proxectos e servizos culturais, ambientais, de lecer e tempo libre
CE12	Deseñar, aplicar e avaliar programas e estratexias de intervención socioeducativa no ámbito do desenvolvemento comunitario e cooperación ao desenvolvemento
CT1	Capacidade de análise e síntese
CT2	Planificación e organización
CT8	Capacidade crítica e autocrítica
CT12	Compromiso ético
CT14	Adaptación a situacións novas
CT15	Creatividade
CT17	Iniciativa e espírito emprendedor
CT18	Apertura á aprendizaxe ao longo de toda a vida

Resultados de aprendizaxe	
Learning outcomes	Competences

Coñecer o marco teórico, conceptual e metodolóxico das Habilidades sociais.	CB3 CB4 CB5	CG1 CG4	CE1 CE6	CT1 CT2 CT8 CT14 CT18
Adquirir as habilidades profesionais do Educador/a Social de empatía, respecto e autenticidade.	CB1 CB2 CB3	CG1 CG2 CG3 CG4 CG6	CE1 CE6 CE8	CT2 CT12 CT15 CT17 CT18
Promover o traballo en equipos multidisciplinares e a resolución de conflitos interpersoais.	CB3 CB4 CB5	CG2 CG3 CG5 CG6	CE8 CE10 CE11 CE12	CT2 CT12 CT14 CT17

Contidos

Topic	
BLOQUE 1: As habilidades sociais. Aspectos conceptuais e metodolóxicos básicos.	Marco conceptual e teórico das habilidades sociais. Adestramento e tipos de habilidades sociais. Avaliación das habilidades sociais.
BLOQUE II: A comunicación e as habilidades sociais	Habilidades para a comunicación interpersoal. Adestramento en habilidades asertivas. Habilidades para falar en público e autorregulación emocional.
BLOQUE III: Habilidades sociais e práctica profesional do/a educador/a social.	Variables clave do profesional para a intervención: Empatía, respecto e autenticidade. Habilidades sociais para as intervencións grupais Habilidades para o traballo en equipo. A resolución de conflitos interpersoais. A intelixencia emocional e as habilidades sociais.

Planificación

	Class hours	Hours outside the classroom	Total hours
Actividades introdutorias	2	2	4
Traballo tutelado	10	43	53
Presentación	4	4	8
Seminario	27	0	27
Exame de preguntas obxectivas	2	43	45

*The information in the planning table is for guidance only and does not take into account the heterogeneity of the students.

Metodoloxía docente

	Description
Actividades introdutorias	Presentación por parte da docente o programa da materia. Avaliación inicial de expectativas, coñecementos e actitudes.
Traballo tutelado	Todo estudante, de maneira individual ou grupal de 2-4 membros- dependendo da modalidade de asistencia-, debe elaborar un traballo de intervención sobre un tema específico da materia. Tamén deben elaborar de forma individual un estado da cuestión (state of art) que inclúe a elección da temática, a procura e recollida de información, a lectura e manexo de bibliografía, centrada en artigos, para a elaboración dun informe do traballo. O alumnado non asistente de forma optativa poderá facer outros traballos.
Presentación	O alumnado expondrá o seu traballo de intervención centrado nunha temática das habilidades sociais.
